

MESA SECTORIAL

04/06/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE MAIO.

Apróbase a acta da referida sesión unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións.

A Administración propón tratar conxuntamente as ordes da praza do Vicente Cañada Blanch e a Orde das prazas sometidas a convenio. Dita proposta é aceptada pola parte sindical. No baremo das dúas ordes hai un erro xa que no apartado 3 non debería estar a competencia dixital docente.

Habería que incluír tamén, na orde de convenios, dúas prazas da especialidade 124 e dúas da especialidade 234 na Esengra.

Desde ANPE Galicia, e antes de entrar no texto das Ordes, queremos comezar demandando a convocatoria do **CONCURSO DE PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE** xa que consideramos que é necesaria e obrigatoria. Non convocar dito concurso suporía un prexuízo á atención á diversidade. Ademais de que a administración debe facer un esforzo para aumentar os cadros de persoal de PT, AL e Orientación nos centros educativos.

ANPE demanda que se faga unha guía de procedementos na sede electrónica por orde alfabética para que o poida consultar o profesorado. A Administración resposta que na propia sede electrónica da Xunta hai un buscador de procedementos.

Con respecto ao baremo unificado, do que vemos aquí dous exemplos, non entendemos que apareza en todos os baremos a puntuación de cargos directivos xa que podería haber convocatorias nas que teña sentido e outras nas que non. Para nós un baremo unificado (tal e como trasladamos na xuntanza mantida a efecto de negociar dito baremo) debería ter uns apartados inamovibles que sexan fixos para

todas as convocatorias e un apartado específico que recolla aspectos concretos de cada convocatoria.

Demandamos que no apartado 3.3 se elimine o tope máximo de 1,5 puntos.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE CONCURSO PRAZA DE PROFESOR/A DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS NO COLEXIO "VICENTE CAÑADA BLANCH" DE LONDRES (REINO UNIDO)

No caso concreto desta Orde demandamos que se elimine a posibilidade de levar a cabo a entrevista. A Administración acepta esta proposta.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

ANPE leva moitos anos dicindo que se facilita profesorado a outras administracións e colectivos a cambio de absolutamente nada. É imprescindible chegar a acordos recíprocos. Aproveitamos para demandar o tema da Enfermería Escolar e a Saúde Mental nos centros educativos. Deben eliminarse os convenios con entidades privadas salvo casos moi excepcionais.



Consideramos que o proxecto non debe ser eliminatorio e deben puntuarse no baremo as fraccións de tempo inferiores a un ano xa que o texto indica que no se computarán os meses. A Administración aceptará incluír a puntuación por meses en ambos os baremos, tamén aceptan retirar o tope máximo de 1,5 puntos no

MESA SECTORIAL

04/06/2025

apartado 3.3 dos baremos. O resto de apartados do baremo se manterán en ambas ordes.

Sería importante establecer un sistema para cubrir posibles substitucións deste tipo de profesorado. Hai centros conveniados que teñen unhas características moi específicas e certa dificultade que serán cubertas por profesorado moi específico e que as posibles substitucións deste profesorado deben cubrirse de xeito específico.


Demandamos que se poidan facer renuncias parciais a prazas determinadas e non a todas as que solicita.

Agardamos tamén que non ocorra o mesmo do ano pasado onde se cambiaron perfís de prazas que non foron negociados na Mesa Sectorial e dos que as Organizacións Sindicais non fomos informadas.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS DE FORMACIÓN NON RETRIBUIDAS.

ANPE Galicia considera que debería comezarse por cambiar o nome das licenzas xa que, tal e como se propoñen, non son licenzas de formación senón para a elaboración de materiais curriculares.

Deben restituirse as licenzas por formación retribuídas tal e como existían hai anos xa que servirían ademais para dar unha solución á problemática de titulación de profesorado técnico de F.P e Mestres de Artes Plásticas e Deseño. En todo caso, que se recollan, polo menos as licenzas retribuídas que se presentaban ata o de agora.



A Administración resposta que o curso que ven non haberá licenzas retribuídas.

Gustaríanos coñecer o número de persoas que solicitaron o curso pasado unha licenza non retribuída. Recordar que este tipo de modalidade foi recuperada polo sinatura do Acordo de Melloras asinado por ANPE e outras Organizacións Sindicais polo que estamos interesados en coñecer a súa eficacia.

Non entendemos que a licenza comece o 15 de setembro xa que isto vai a supoñer que o beneficiario teña que incorporarse ás actividades lectivas soamente por unha semana. **A Administración moverá as datas do 1 de setembro ao 31 de xaneiro e de 1 de febreiro a 30 de xuño.**

Deben acomodarse os períodos de goce de licenza ao calendario escolar.



Demandamos tamén que, no caso de IT e/ou permiso de maternidade e paternidade, se o beneficiario o solicita poida interromperse o goce da licenza durante a duración da IT ou do permiso. **A Administración valorará cada caso de xeito individualizado. Estudarán o tema coa asesoría xurídica.**

MESA SECTORIAL

04/06/2025

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: REINTEGRO INDIVIDUAL DE GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

No artigo 1, demandamos á Consellería información sobre si se conceden moitas axudas para segundas actividades e se queda remanente. No caso de que quede remanente poderían concederse axudas para terceiras actividades ou para outro tipo de actividades ou mesmo incluír outro tipo de gastos como podería ser a manutención e transporte. **A Administración resposta que a dotación orzamentaria non pode acumularse dun ano para o seguinte e que o remanente non empregado debe ser restituído á Consellería de Facenda.**



No artigo 4 volver a destacar que se aumenta a dotación orzamentaria das axudas grazas ao Acordo citado anteriormente e asinado por ANPE.

No artigo 8 demandamos que no texto figure especificamente a mención a actividades de formación directamente relacionadas co bienestar e saúde mental e laboral. En todo caso, deben incluírse as actividades de formación da propia Consellería.

No artigo 15 deben incluírse ás organizacións sindicais dentro da comisión de valoración.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

- Demandamos novamente o concurso de prazas de atención preferente. **A Administración resposta que non se vai a convocar para o curso que ven pero que todas as necesidades serán atendidas e se está traballando para cubrilas seguindo outro procedemento.**
- Demandamos tamén a convocatoria de prazas de asesorías e do CAFI. **A Administración resposta que está esperando para ver se hai tempo de convocar e se non prorrogará as existentes.**
- En relación ao problema xerado na resolución do CXT demandamos coñecer a postura da Administración. **A Administración resposta que hai 8 afectados directamente con duplicidade de destinos e que estiman que a afectación en cadea non é moi elevada. A Administración está estudando caso a caso e pode haber unha persoa seriamente afectada que podería ter obtido unha das súas primeiras peticións e que se ve afectada pola duplicidade. Atenderán os recursos o máis axiña posible.**
- En relación á retirada das prazas de cátedras dos conservatorios desde ANPE seguimos insistindo en que debe haber sempre seguridade xurídica en todas as actuacións que leve a cabo a Administración como demandou ANPE desde o principio do proceso de cátedras.

MESA SECTORIAL**04/06/2025**

- Demandar que se solucionen os problemas do CADP. Non poden quedar prazas sen cubrir e logo saír un número de prazas elevado no mes de setembro. Tamén debe darse solución ás prazas que saen no CADP con perfís de afíns “estranos”.
- Debe facilitarse a comunicación cos presidentes dos tribunais. Demandamos unha explicación de cómo é posible que a Administración nomee presidentes de tribunais que están de baixa médica. **A Administración resposta que non haberá ningún presidente/a de tribunal que estea de baixa no momento de constitución dos tribunais.**
- Demandamos novamente que a Administración afronte a solución ao déficit de Enfermería Escolar nos centros educativos.
- **Demandamos novamente** que se cumpla o punto décimo noveno 1. do Acordo de interinos “ **o profesorado substituto que preste servizos efectivos nun curso académico durante polo menos cinco meses e medio terá dereito a que se lle efectúe un nomeamento polo mes de xullo e polos días do mes de agosto que procedan, unha vez deducidos os aboados por vacacións non gozadas**”